



Concello de Xove

Expediente núm.: 76/2021

Procedemento: CONVOCATORIA E CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES "CovidENTRÓIDATE"

Documento asinado por: O TÉCNICO DE CULTURA

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES CovidENTRÓIDATE

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de contribuír á promoción do Concello a través da cultura popular, promover a imaxinación e creatividade dos seus veciños e visitantes, estimular a participación da xuventude e contribuir a mellorar o ánimo das persoas nestes momentos tan duros de pandemia do Covid-19, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso CovidENTRÓIDATE 2021.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios dos correspondentes premios calquera particular, a título individual ou familias, entendidas neste caso como "unidade de convivencia" (residencia no mesmo domicilio), aos efectos de respectar a normativa COVID, e con independencia da súa residencia ou non no Concello de Xove.

Cada participante poderá presentar un solo covidisfraz (no caso das categorías individual infantil e individual adulto) ou grupo de covidisfraces no caso da categoría familiar. Non obstante, un participante individual (infantil ou adulto) poderá estar incluído na categoría familiar, sen poder figurar como representante do grupo nin presentarse co mesmo covidisfraz.

Cada covidisfraz debe levar un nome ou título relativo ao que se quere mostrar.

A documentación a presentar será a seguinte:
-Folla de inscrición establecida ao efecto





Concello de Xove

- Copia do N.I.F. do concursante ou titor, para o caso de menores de idade
- Copia do N.I.F. do representante do grupo familiar

A folla de inscrición poderá presentarse, ben presencialmente a través do Técnico de Cultura Municipal de luns a venres en horario de 7:45 a 15:15 horas; ben por correo-e á dirección marioeijo@xove.es.

A data límite para presentar as inscricións será as 15.00 horas do día 26 de febreiro.

Os participantes, en calquera das modalidades do concurso, xunto coa folla de inscrición deberán presentar un máximo de 3 fotografías do seu/s disfraz/es, podendo presentar 1, 2 ou 3 fotografías, segundo consideren. As fotografías deberán estar en formato JPEG e deberán ter unha calidade aceptable para que o xurado poida valorar axeitadamente os covidisfraces presentados.

Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiarios dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

TERCEIRA.- NORMAS DO CONCURSO

Os disfraces deberán gardar relación co Covid-19; dende a organización preténdese abrir un espazo imaxinativo que poda contribuir, a través do humor, a superar estes tempos de incertidume e inqedanzas.

CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará composto alomenos por tres membros, dous deles seleccionados pola organización do concurso de entre os representantes das asociacións culturais, deportivas ou doutra índole inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello, e un terceiro en representación do propio Concello.

Actuará como Secretario do Xurado o Técnico Municipal de Cultura e Comunicación do Concello, con voz e sen voto.

QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 900,00 € (partida 338.481 do Estado de Gastos do vixente Orzamento Municipal).

SEXTA.- PREMIOS

PREMIOS		
CATEGORÍAS		
INDIVIDUAL INFANTIL de 0 a 14 anos (nados entre o 2007 e 2021, ámbos anos incluídos)	INDIVIDUAL ADULTOS máis de 14 anos (nados anteriores da 2007)	FAMILIAR





Concello de Xove

1º premio: 100 €	1º premio: 100 €	1º premio: 200 €
2º premio: 75 €	2º premio: 75 €	2º premio: 150 €
3º premio: 50 €	3º premio: 50 €	3º premio: 100 €

Os premios consistirán na entrega de un cheque-regalo que poderá gastarse en calquera establecemento comercial ubicado dentro do término municipal de Xove.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non está suxeito a retención o premio anterior.

SÉTIMA.- SELECCIÓN DOS GAÑADORES

Rematado o prazo de inscrición, e recabada toda a información enviada polos participantes, o xurado reunirse, ben de xeito presencial ou de forma telemática. O secretario do xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente, non podendo recaer máis de un premio na mesma persoa.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Alcaldía-Presidencia, órgano competente para a concesión dos premios.

O establecemento comercial no que o beneficiario decida gastar o seu premio, deberá emitir factura a nome deste ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade, especificando o premio e a categoría na que o beneficiario resultou gañador, tal e como conste no cheque-regalo. A factura deberá presentarse polo beneficiario na Tesourería do Concello para o cobro do premio, unha vez concedido pola Alcaldía-Presidencia e o seu importe deberá ser como mínimo o do premio concedido. Caso de que a factura tivese superior importe, aboarse exclusivamente o importe do premio concedido.

O prazo límite para a entrega na tesourería municipal das facturas xustificativas do gasto e polo tanto, para o cobro do premio será o 30 de xuño de 2021, que poderá ser ampliado no caso de existencia de restriccións de acceso ao Concello por motivo COVID.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Recabada a información enviada por todos os participantes unha vez rematada a inscrición, o Concello colgará na súa páxina web as fotografías dos covidisfraces participantes no Concurso co fin de dar difusión ao público en xeral para o seu disfrute do Covidentróidate 2021. Neste sentido, a participación no concurso supón a autorización ao Concello de Xove por parte dos participantes para publicación das imaxes dos covidisfraces enviadas ao concurso. No caso de participantes menores de idade, para participar requírese a autorización ao Concello para publicación de imaxes





Concello de Xove

de menores. Na folia de inscrición irá un apartado que deberá ser cuberto e asinado polo titor legal do menor.

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas. A organización do concurso resérvase o dereito de calquera modificación que por forza maior se vira obrigada a efectuar.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estruturadamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

NOVENA.- INFORMACIÓN AOS BENEFICIARIOS DOS PREMIOS

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

*O Técnico Municipal de Cultura,
Asdo. Mario Eijo Barro*
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

